



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Espazo para pegar  
a etiqueta identificativa do alumnado  
pola persoa que aplica a proba

Avaliación individualizada  
**3º curso de educación primaria**  
Curso 2014-2015

**Caderno 2**

Competencia en comunicación lingüística

## INSTRUCCIÓNS

Nesta actividade vas escoitar e ler unha serie de textos e terás que responder a unhas preguntas. Presta moita atención.


Algunhas preguntas terán catro posibles respostas, pero só unha é correcta. Rodea a letra que se atopa xunto a ela. Fíxate no exemplo:

<b>Exemplo 1</b>
<b>Cantos días ten unha semana?</b> <input checked="" type="radio"/> A. 6 días. <input type="radio"/> B. 7 días. <input type="radio"/> C. 8 días. <input type="radio"/> D. 9 días.

Se te equivocas ou decides cambiar a túa resposta, risca cunha aspa (X) a túa primeira elección e rodea a resposta correcta. Fíxate no exemplo, primeiro elixiuse a resposta A e logo a B:

<b>Exemplo 2</b>
<b>Cantos días ten unha semana?</b> <input checked="" type="radio"/> <del>A.</del> 6 días. <input checked="" type="radio"/> B. 7 días. <input type="radio"/> C. 8 días. <input type="radio"/> D. 9 días.

Noutras preguntas pediráseseche que escribas ti a resposta nun espazo sinalado por puntos. O debuxo dun lapis indicarache onde debes empezar a escribir. É o caso do exemplo que se che ofrece a continuación.

<b>Exemplo 3</b>
<b>Describe o teu mellor amigo ou a túa mellor amiga.</b>  <hr style="border: 0; border-top: 1px solid black; margin: 5px 0;"/> <hr style="border: 0; border-top: 1px solid black; margin: 5px 0;"/>

Ás veces, deberás decidir se as afirmacións son verdadeiras ou falsas:

<b>Exemplo 4</b>		
Marca cun X se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:		
	<b>Verdadeira</b>	<b>Falsa</b>
Unha semana ten 7 días.	X	
Unha semana ten 8 días.		X

- Tes **60 minutos** para facer o caderno.
- Cando remates unha páxina, pasa á seguinte, ata chegar ao final.
- Le cada pregunta atentamente.
- Intenta responder a todas as preguntas.
- Se non sabes contestar a algunha pregunta, non perdas o tempo e pasa á seguinte.
- Se ao final che sobra tempo, podes volver atrás.

## COMPRESIÓN ORAL (AUDIO 1)

*O primeiro exercicio consiste en ESCOITAR.*

*Presta moita atención para que despois poidas responder ás preguntas que están relacionadas co que vas escoitar.*



**ESCOITA ATENTAMENTE!**

***Non pases a páxina ata que se che indique!***

**P.18. Se participas na actividade “Durmindo con tiburóns” tes que levar...**

- A. ... unha manta, un bolso e un saco de durmir.
- B. ... un chándal, comida e unha lanterna.
- C. ... un chándal, unha mochila e un saco de durmir.
- D. ... un saco de durmir, un traxe de baño e lentes.

**P.19. Onde está a sala Nautilus?**

- A. Encima do mar.
- B. Somerxida no mar.
- C. Dentro dun submarino.
- D. Na praia da Coruña.


**P.20. Para anotarse na actividade, que hai que facer?**

- A. Preinscribirse.
- B. Mercar un saco de durmir.
- C. Ir ao Aquarium Finisterrae.
- D. Levar comida para peixes.

## COMPRENSIÓN ORAL (AUDIO 2)

*O primeiro exercicio consiste en ESCOITAR.*

*Presta moita atención para que despois poidas responder ás preguntas que están relacionadas co que vas escoitar.*



**ESCOITA ATENTAMENTE!**

***Non pases a páxina ata que se che indique!***

**P.21. O avó díxolle a Pablo que o retumbar que se oía eran...**

- A. ... os ronquidos do volcán.
- B. ... os tronos da tormenta.
- C. ... os fogos artificiais.
- D. ... os choros do volcán.

**P.22. Os fogos artificiais do volcán “pintaron a noite de cores”. Isto quere dicir que...**

- A. ... iluminaron a noite.
- B. ... escureceron a noite.
- C. ... pintaron nubes no ceo.
- D. ... pintaron a noite de negro.

**P.23. Que quería o avó coa súa explicación?**

- A. Divertir a Pablo.
- B. Contarlle un conto a Pablo.
- C. Tranquilizar a Pablo.
- D. Durmir a Pablo.

**A proba continúa na seguinte páxina**



## COMPREENSIÓN ESCRITA (1)

*Nesta actividade tes que contestar a unhas preguntas relacionadas co relato que vas ler.*

### Ruídos na noite

*A historia sucede cando Raquel, a protagonista, coloca a súa mochila no chan do dormitorio e ve que dentro dela hai algo que se move e que fai esforzos por saír. ¿Queres saber como continúa...? Pois, le con moita atención o seguinte texto:*

“Por fin, algo asomou pola abertura. Non era unha cobra, nin un lagarto, nin bicho ningún. Por non ser, non era nada que Raquel vira anteriormente. Parecía un home, un home vello e incrivelmente diminuto, [...]. Ía vestido cunha especie de traxe de cor marrón que lle cubría case todo o corpo. E na cabeza levaba un gorro castaño, que non conseguía disimular unhas orellas puntiagudas e anormalmente grandes.

Raquel, dominada polo abraio, non se atrevía a mover nin un só músculo, atenta ao que facía aquel raro ser. O homiño deixouse esvarar mochila abaixo e acabou aterrando no chan. Logo, cunha axilidade increíble, correu ata a mesa de noite, subiu enriba dela e sentouse na parte de diante, cos pés colgando para fóra.

O abraio de Raquel, que asistira apampada a aquel espectáculo, chegou ao seu punto máximo cando descubriu que aquel estraño ser falaba. E faláballe a ela!

- Apampaches, rapaza? Vas quedar coa boca aberta toda a noite? [...]
- Quen... quen é vostede? E que fai no meu cuarto?- atreveuse a preguntar Raquel. [...]
- Chámome Derdrín e son un trasno.”

Fernández Paz, A. (2001). *No corazón do bosque (páxinas 21 a 24)*. E. Xerais



**P.24. Onde estaba o trasno cando lle falaba a Raquel?**

- A. Sentado no chan.
- B. Sentado na mesa de noite.
- C. Sentado enriba da cama.
- D. Dentro da mochila.

**P.25. A historia que acabas de ler é...**

- A. ... real.
- B. ... de terror.
- C. ... fantástica.
- D. ... de amor.

**P.26. Que foi o que máis sorprendeu a Raquel?**

- A. Descubrir que algo se movía na mochila.
- B. Descubrir que na mochila había un velliño.
- C. Descubrir que o trasno podía falar.
- D. Descubrir que na mochila había un bicho.

**P.27. No diálogo entre Derdrín e Raquel aparece a expresión “quedar coa boca aberta”. Significa que Raquel...**


- A. ... está sorprendida.
- B. ... ten sono.
- C. ... ten fame.
- D. ... ten medo.

**P.28. Marca cun X se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:**

	Verdadeira	Falsa
O trasno tiña as orellas diminutas.		
O trasno vestía con gorro e traxe.		
O trasno era moi áxil.		
O trasno quería quedar na mochila.		

## EXPRESIÓN ESCRITA

Ilustración de Miguelanxo Prado en *No corazón do bosque*. Editorial Xerais



*Nesta actividade tes que imaxinar que atopas un trasno na túa mochila!*

*Como sería ese trasno?*

*Vai seguindo as indicacións para que che resulte máis doado facer a descrición.*

**P.29.** Como se chama o trasno? Inventa un nome.



Como é o trasno?



Que estatura ten?	
Como son os seus ollos?	
Como é o seu nariz?	
Como son as súas orellas?	
Que roupa viste?	

**maxina tamén...**

Onde vive?	
Que cousas lle gusta facer ao trasno?	

**P.30. Agora describe o trasno. Debes utilizar o que escribiches na pregunta anterior.**

*Non esquezas:*

- *Usar punto e seguido para separar oracións, punto e á parte para separar parágrafos, e comas cando sexa necesario.*
- *Coidar a ortografía. Utiliza unha letra clara e sen faltas.*
- *Evitar as repeticións.*

Escribe, polo menos, cinco liñas.



**Título:** .....

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

**P.31. Revisa o que escribiches e responde a estas preguntas rodeando SI ou NON.**


- A. Ao ler o texto queda claro a quen estás describindo?  
SI      NON
- B. Cambiarías algo do que escribiches?  
SI      NON
- C. Viches algunha falta de ortografía ao revisar o que escribiches?  
SI      NON
- D. O texto está separado en parágrafos?  
SI      NON
- E. Escribiches con boa letra e de forma limpa?  
SI      NON
- F. Se outro neno ou outra nena lese a descrición, podería imaxinar como é o teu trasno?  
SI      NON

**A proba continúa na seguinte páxina**




## COMPREENSIÓN ESCRITA (2)

Fíxate ben no texto e nas imaxes, xa que vas ter que contestar a unhas preguntas.



colección  
**O BARCO DE VAPOR**



Hai moitísimos anos, a Terra esqueceu xirar e camiñar polo espazo: quedou apampada mirando ao Sol. En medio planeta, sempre era de día; na outra metade, había noite sempre. Pasaba o tempo e ninguén daba coa solución...  
¿E se todos os habitantes do planeta se unisen e camiñasen xuntos?

[...]

**A partir dos 7 anos**

Casalderrey, F. (2002). *Cando a Terra esqueceu xirar*. Editorial SM

**P.32. Este libro está recomendado para nenos e nenas de Educación Infantil?**



SI ( )

NON ( )

Por que?

---

---

**P.33. Marca cun X se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:**

	Verdadeira	Falsa
A autora do libro é Fina Casalderrey.		
O Sol deixou de xirar ao redor da Terra.		
A historia acontece na Lúa.		
Na historia había lugares onde sempre era de día.		

**P.34. Se todos os habitantes da Terra se unisen e camiñasen xuntos...**

- A. ... o Sol empezaría a xirar.
- B. ... en todo o planeta sempre sería de noite.
- C. ... a Lúa deixaría de apampar.
- D. ... darían coa solución ao problema.

**Moitas grazas polo teu traballo**

